

**CONVOCATORIA DO  
PROCEDIMENTO DE ACCESO  
AOS GRAOS I E II DO  
SISTEMA TRANSITORIO  
EXTRAORDINARIO DE  
COMPLEMENTO DE  
DESEMPEÑO PERSOAL  
LABORAL**

**PRAZO DE SOLICITUDE: 3 MESES  
(8 DE XANEIRO A 8 DE MARZO)**  
**[ENLACE AO DOG](#)**

**UGT**



**Servizos  
Públicos  
Autonómica**

## FINALIDADE DA ORDE

Convocar con carácter **extraordinario os graos I e II do sistema transitorio do complemento de desempeño do persoal laboral da AXG** destinado a aquel **persoal non incluído nos anteriores acordos e convocatorias referidos ao ano 2022 por non cumprir os requisitos**

## QUÉN PODE SOLICITAR?

- **Persoal non incluído** nos anteriores acordos e **convocatorias** referidas ao **ano 2022 por non cumprir os requisitos**
  - Persoal da Xunta de Galicia **que veu ingresando en anos pasados e hoxe en día ten xa máis de 5 anos** de servizo poida acceder tamén ao complemento de desempeño.
  - **Persoas que xa tiñan esa antigüidade pero non cumprían outros requisitos** como a formación, posibilitando que nesta convocatoria lles conten os cursos realizados nos últimos anos
  - **Persoal con máis de 11 anos de servizo** que, polo mesmo **motivo anterior, ou por non ter realizado a correspondente solicitude** por diversas causas, non tivo oportunidade de acadar o **grao II na anterior convocatoria**

## ÁMBITO DE APLICACIÓN, PERSOAL LABORAL:

- **Todo** o persoal **da AXG ou EEl do artigo 45.a)** da LOFAXGA, que estea en servizo activo ou en calquera outra situación que supoña reserva de praza ou dun concreto posto de traballo.
- Persoal **doutras administracións públicas** que, mediante os sistemas de **concurso, permuta, LD ou adscrición temporal**, preste servizos na **AXG ou EEl do artigo 45.a)** da LOFAXGA.
- Persoal **fixo** da Xunta de Galicia que cumpre os requisitos para a súa **funcionarización** de conformidade co establecido na DTª 2ª da LEPG, e do Decreto 165/2019, **deberá asinar o compromiso** de participar e superar o proceso de **funcionarización** que se convoque.
- Persoal **fixo** pertencente ao **CGSIB** **deberá asinar o compromiso** de participar e superar o proceso de **funcionarización** que se convoque.

**EXCLUSIÓNS DO  
RÉXIME  
EXTRAORDINARIO,  
O PERSOAL:**

- **Laboral** que desempeñe as súas funcións nos EEl do artigo 45.a) da LOFAXGA e que, ademais, **non** se trate de persoal **integrado** como persoal laboral do VCCU Xunta de Galicia, de conformidade co procedemento establecido no Decreto 129/2012.
- **Que xa tivese recoñecido algún grao de carreira na convocatoria de 2022.**
- Laboral propio da Axencia Galega de Innovación (**Gain**) por ter a súa propia convocatoria de carreira
- Calquera outro persoal **laboral que non estea dentro do ámbito** de xestión da consellería competente en materia de **función pública.**

# O GRAO EXTRAORDINARIO ADQUIÉRESE NO GRUPO DE PERTENZA OU NOMEAMENTO EN QUE ESTEA PRESTANDO SERVIZOS EN 31.12.2023.

## CAMBIO DE GRUPO OU SUBGRUPO OU VÍNCULO

- Si accedes a outro grupo ou subgrupo e tes recoñecido un grao de complemento de desempeño deberás reiniciar a carreira no novo grupo ou subgrupo.
- Este cambio non afectará o grao que teñas recoñecido. Continuarás percibindo o complemento de desempeño no grupo ou subgrupo de orixe, ao cal se lle irán sumando as novas retribucións ata o límite de catro graos. Cando teñas recoñecidos máis de catro graos, percibirás o complemento de desempeño correspondente aos catro graos de maior contía.
- No caso da promoción interna vertical, o tempo prestado no anterior grupo ou subgrupo computarásese como prestado no novo grupo ou subgrupo.
- Aplicarase idéntico criterio no caso de que foses persoal laboral e accedese a corpos e escalas de persoal funcionario ou ben se trate de procesos de integración de persoal laboral en corpos e escalas de persoal funcionario.
- O desempeño de funcións de categoría superior en ningún caso consolidará as cantidades nin o grao superior do complemento de desempeño

# HOMOLOGACIÓN DE GRAOS DE CARREIRA RECOÑECIDOS NOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

Si como laboral doutra Admon. pública pasaches a desempeñar postos na Xunta, podes homologar os graos de complemento de desempeño recoñecidos noutras administracións públicas sempre que se subscribise un convenio de conferencia sectorial ou outros instrumentos de colaboración coa Administración de túa de orixe.

A solicitude de homologación debes dirixila á Dirección Xeral da Función Pública e achegar a documentación que se considere oportuna.

## EFECTOS ECONÓMICOS

- O **pago do complemento** (dos graos I e II segundo corresponda) producirase de maneira progresiva, con esta distribución:
  - 2024: 33%
  - 2025: 66%
  - 2026: 100%
- A retribución percibirase si se está prestando servizos no ámbito de Función Pública.
- Si estás de **permiso** (por nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento ou do proxenitor diferente da nai biolóxica) ou en **situación de IT**:
  - Podes solicitar o recoñecemento e os efectos económicos serán a partir da finalización do permiso ou da IT.
  - **Tamén** podes **solicitar** o recoñecemento (do I ou do II, segundo corresponda) durante o **mes seguinte á finalización do permiso ou da IT**.
- Si **cesas como laboral temporal** ou **te xubilas durante o 2024**, os **efectos económicos son dente o 01/01/24 ata o cese ou xubilación**

## REQUISITOS ESPECÍFICOS GRAO I:

### • PARA ACCEDER AO GRAO I, DEBES:

- Ter a condición de persoal laboral nesta administración en **31.12.2023** e cunha **antigüidade**, en calquera Administración, de **polo menos cinco anos en 31.12.2023**.
- Si eres **laboral fixo**, tanto da **AXG** como do **CGSIB**, que cumpres os requisitos para a funcionarización, **debes asinar o compromiso de funcionarización**.
- Cumprir **un** dos criterios de avaliación establecidos no artigo 14 en **31.12.2023**
- **0 grao extraordinario adquírese no grupo ou subgrupo en que se estea en activo en 31.12.2023**



## COMPUTO DA ANTIGÜIDADE

- Será computable **toda a antigüidade**:
  - Noutras administracións públicas
  - Servizos como estatutario do persoal do SERGAS
  - Servizos como persoal funcionario na Administración de xustiza
  - Universidades
  - Concellos
  - Entes instrumentais do artigo 45.a) da LOFAXGA

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN GRAO I

- Formación:
  - Recibida: mínimo 40 horas (inclúense os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego)
  - Impartida: 10 horas.
- Doutoramento.
- Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Admon. Pública
- 2 anos de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente a partir do 31.12.2021.
- 2 anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo
- Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.
- Ser beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores/as convocado pola Axencia Galega de Innovación

## REQUISITOS ESPECÍFICOS GRAO II:

- **PARA ACCEDER AO GRAO II, DEBES:**
  - Ter a **condición** de **persoal laboral** nesta administración en **31.12.2023** e cunha **antigüidade**, en calquera Administración, de **polo menos once anos en 31.12.2023**.
  - Ter **recoñecido o grao I** no correspondente **grupo** en **que se solicita o grao II en 31.12.2021**.
  - Si eres **laboral fixo**, tanto da **AXG** como do **CGSIB**, que cumpres os requisitos para a funcionarización, **debes asinar o compromiso de funcionarización**.
  - **Cumprir algún** dos criterios de avaliación establecidos no artigo 17 en **31.12.2023**
- **O grao extraordinario adquirese no grupo en que se estea en activo en 31.12.2023**
- **Non se terán en conta para o recoñecemento do grao II os méritos que determinaron o cumprimento do criterio de avaliación empregado para o recoñecemento do grao I (por exemplo: non se terán en conta as 40 horas que determinaron o recoñecemento do grao I).**

- Será computable **toda a antigüidade**:
  - Noutras administracións públicas
  - Servizos como estatutario do persoal do SERGAS
  - Servizos como persoal funcionario na Administración de xustiza
  - Universidades
  - Concellos
  - Entes instrumentais do artigo 45.a) da LOFAXGA

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN GRAO II

- **Formación:**
  - Recibida: mínimo 40 horas (inclúense os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego)
  - Impartida: 10 horas.
- **Doutoramento.**
- Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Admon. Pública
- 2 anos de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente a partir do 31.12.2021.
- 2 anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo
- Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.
- Ser beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores/as convocado pola Axencia Galega de Innovación

## **RECOÑECEMENTO DE SOLICITUDES DO PERSOAL DO CGSIB**

- Si traballas no **CGSIB** debes ter en conta que as **referencias** á Dirección Xeral da **Función Pública** e, se é o caso, á persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública **deberán entenderse como referidas** ao **órgano competente** en materia de **persoal** do **CGSIB**, por corresponderlle a este o recoñecemento e pagamento do complemento de desempeño do dito persoal.

## **RECOÑECEMENTO DE GRAO MEDIANTE SENTENZA XUDICIAL**

- Si ao inicio do prazo de solicitudes non tes recoñecido ningún grao de carreira debes solicitar o recoñecemento do grao I. Se con posterioridade, ao prazo, obtés unha sentenza que recoñeza o grao I, poderás solicitar o recoñecemento do grao II, **NO PRAZO DUN MES DESDE A FIRMEZA DA SENTENZA**, se cumpres o resto dos requisitos. O prazo iniciarase desde a notificación do decreto de declaración da firmeza da sentenza.
- Neste suposto deberá presentar a través da sede electrónica da Xunta de Galicia unha solicitude mediante o modelo PR004, dirixida á Dirección Xeral da Función Pública alegando o que considere necesario.
- En ningún caso, ningunha persoa poderá ter recoñecidos máis de dous graos de carreira profesional.